



# MUSEO MASSÓ

**A CONQUISTA DO MAR E A  
EXPLOTACIÓN DOS SEUS RECURSOS**

XUNTA DE GALICIA

## O MUSEO QUE MEDROU DENTRO DUNHA FÁBRICA DE CONSERVAS

O Museo Massó atópase nas inmediacións do porto de Bueu, na ría de Pontevedra e está instalado nas naves industriais que sobreviviron á demolición do complexo conserveiro Massó Hermanos S.A.

Esta empresa, que chegou a ter máis de 2000 empregadas nas súas fábricas, xogou un papel definitivo no desenvolvemento económico e social que experimentou a península do Morrazo no século pasado, pero a súa transcendencia superou o ámbito local para converterse durante varias décadas nun auténtico fenómeno empresarial.

O actual Museo Massó ten a súa orixe na colección de historia da navegación formada desde principios do século XIX por esta familia de industriais. O museo ábrese en 1932 e ao longo de varias décadas irá crescendo dentro do complexo conserveiro polos espazos liberados da actividade produtiva, a medida que se constrúen novas naves e o complexo industrial de Cangas. Desde os seus inicios contaba xa cunha sala dedicada ao patrimonio histórico da industria familiar. Co tempo, os testemuños das factorías conserveiras e baleeiras e a actividade pesqueira irán completando o perfil do museo.

En 1994, despois do peche da fábrica de Bueu en 1992, a colección e unha parte dos edificios da antiga conserveira que ocupaba o museo foron adquiridos pola Xunta de Galicia.

► Membrete do papel de correspondencia da empresa Massó Hermanos, SA, cara a 1927



## A CONQUISTA DO MAR E A EXPLOTACIÓN DOS SEUS RECURSOS

O discurso da exposición permanente artículase en dúas grandes áreas temáticas complementarias: a conquista do mar e a explotación dos seus recursos.

Na sala dedicada á conquista do mar, a colección composta fundamentalmente por instrumentos de navegación, cartografía marítima, maquetas de barcos, libros antigos e documentos históricos, introduce ao público naquelas disciplinas, coñecementos e circunstancias históricas que fixeron posible o desenvolvemento da navegación e do comercio marítimo desde a Era dos Descubrimentos. Esta sala conserva a museografía orixinal e constitúe por si mesma unha peza de museo.

A área dedicada á explotación dos recursos do mar comeza na época romana, co porto e o complexo salgadeiro e oleiro de Pescadoira. Establécese un diálogo entre este período e a etapa de recuperación da industria da salgadura (entre o século XVIII e XIX), promovida grazas á iniciativa dos fomentadores cataláns. Un fenómeno social e económico do que a saga Massó e a vila de Bueu, con máis de 20 salgaduras no pasado, forman parte de maneira moi destacada.

O desenvolvemento industrial dos séculos XIX e XX, moi vinculado en Galicia ao sector marítimo, toma como fio condutor a actividade das fábricas de conserva e as factorías baleeiras da empresa Massó, sen esquecer o legado cultural desta saga de empresarios.

► Pintura de Urbano Lugrís para decorar o comedor das empregadas da fábrica Massó Hermanos, SA de Bueu, cara a 1945





Sardinias Seleccionadas  
sin espina, con trufas  
en aceite puro  
de oliva

MASSÓ HERMANOS  
- VIGO - ESPAÑA -  
"NUESTRO NOMBRE ES UNA  
GARANTIA DE CALIDAD."



---

## HORARIOS

### Martes a sábados

*De outubro a maio*

De 10.00 a 21.00 h

*De xuño a setembro*

De 10.00 a 21.30 h

### Domingos e festivos

De 10.00 a 14.00 h

### Luns

Pechado

---

## CONTACTO

### Museo Massó

Avda. Montero Ríos s/n.  
36930 | Bueu - Pontevedra

Tel | (34) 886 151 101  
[museo.massó@xunta.gal](mailto:museo.massó@xunta.gal)

[www.museos.xunta.gal/es/massó](http://www.museos.xunta.gal/es/massó)  
[www.museomassó.blogspot.com](http://www.museomassó.blogspot.com)